



---

---

# HISTORIA DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE CEDEIRA

---

---

**Edita:**

Confraria de Pescadores de Cedeira

**Foto Portada:**

Arquivo Confraria

**Fotografías:**

Antonio Pérez Cribeiro

Archivo Confraria

**Textos:**

Antonio Pérez Cribeiro

**Diseño, Maquetación e Impresión:**

Imprenta Cedeira, s.l.

**Depósito Legal:**

C-2320-2001





*Nota do autor:*

*Vaia por diante o recoñecemento da miña incapacidade para resumir nunha presa de folios a inxente actividade de xestión e asistencial desenvolvida pola Confraría de Pescadores de Cedeira. Levar a cabo esta tarefa ata un nivel minimamente aceptable requiriría moitísimo máis tempo e espacio, para así poder recompilar a documentación necesaria e expoñela axeitadamente, dimensións ámbalas dúas das que non se dispoñía. Confío por iso en que os lectores saberán desculpar os máis que probables erros ou omisións que atopen. Non se citan as múltiples fontes bibliográficas utilizadas, si ben os interesados poden solicitar máis información ó respecto nas oficinas da Confraría de Pescadores de Cedeira.*

*Agradezo especialmente a axuda prestada por Calel, o Loira, e o servizo de normalización lingüística do Concello de Cedeira, así como calquera colaboración que o lector desexe aportar para -quen sabe- nun futuro facer unha revisión con máis detalle.*

*Antonio Pérez Cribeiro. Decembro 2001.*

*Adicado ós mariñeiros e persoal da Confraría, xubilados ou falecidos...*





en Laredo, á que seguiron moitas outras (Tortosa, Lequeitio, Bermeo...), de forma que en pouco tempo practicamente cada pobo pesqueiro tiña a súa confraría. Isto derivou nun segundo nivel de organización, agrupándose varias Confrarías entre si para unha mellor defensa dos intereses comúns, sendo a primeira en crearse a "Hermandad de las Villas y Marismas de los Reinos de Asturias y Galicia", no ano 1295.

O Rei Sancho o Sabio de Navarra, co fin de regular as pesqueirías, no Fuero dado a San Sebastián en 1150, declaraba as naves "libres e inxenuas". Alfonso VIII, en 1203, establece

as condicións para a creación de fábricas de conservas de peixes, eximindo expresamente ós pescadores e ás súas Confrarías, de cargas fiscais. No ano 1237, o Rei Fernando III o Santo regula a caza da balea, e en 1251 outorga as Confrarías o privilexio de resolver litixios, exercendo de xuíz o Alcalde de mar da Confraría, que era o Patrón Maior, terminoloxía que definía a súa condición de persoa de máximo respecto en cada porto, así como os Cabidos, termo de orixe relixiosa, que define aínda hoxe en día á Comisión Permanente de Goberno das Confrarías.

Ademais da defensa dos intereses dos pescadores, as Confrarías organizaban e regulamentaban o labor pesqueiro.

Encomendábase o mando da flota a un patrón experimentado ó que se dotaba da máxima autoridade para dispor a navegación, a saída, e o regreso dos buques ós portos, dispoñendo dunha serie de sinalizacións na costa para comunicar coa flota. Noutros aspectos, tiñan poderes para impoñer sancións pola inobservancia das súas ordenanzas que, entre outras, regulaban as condicións do contrato de embarque e a distribución dos pescadores máis vellos entre os barcos da flota, para non privalos do seu diario sustento; mediábase en casos de riña, fomentando a unión entre os pescadores e incluso rescataban ós mariñeiros apresados polos buques corsarios.

A partir do século XVI, os Reis Católicos ampliaron as funcións de protección que dis-





pensaban as Confrarías de Pescadores ós seus asociados, aínda que recortóuselles a posibilidade de actuar en problemas alleos. Os sucesivos monarcas exerceron unha acción protectora cara as Confrarías, e incluso algúns Papas, como Clemente VII no século XVI, concedían bulas específicas relacionadas co culto.

### **PRIMEIRO DOCUMENTO ESCRITO DOS PESCADORES DE CEDEIRA: ANO 1753.**

Ó igual que nos demais portos, probablemente en Cedeira xa existiran organizacións gremiais de pescadores desde a baixa Idade Media. Sen embargo, o primeiro documento escrito que obra no poder da Confraría sobre o Gremio de Mareantes de Cedeira, data do ano 1753, e foi redactado polo escribán Pérez Hevia nesta Vila de Cedeira, referida a un poder outorgado polo gremio de mareantes local. Trata sobre as dificultades que por entón atravesaban os doce mariñeiros que faenaban na ría en dúas embarcacións, pois debían pagar 370 reais á Condesa de Lemos. O orixinal obra nos arquivos do Rexistro de Notarios do Ilte. Colexio da Coruña. Dí así:

«Poder especial que otorgaron los mareantes de la Villa de Cedeira a Juan de Landrove, para recibir en arriendo los derechos de alcabala perteneciente a la Excm. Sra. Condesa de Lemos. Cedeira, 20

de junio de 1.753.

Juan López de la Peña, Rosendo de Selle, Juan de Selle, Domingo de la Iglesia, Gregorio López, Carlos López, Ventura de Vilela, Rosendo López, Jacinto López, Cayetano García y Cayetano Fernández, mareantes del gremio de marina, matriculados, vecinos de esta dha. Villa, que son los únicos de que actualmente se compone dho. gremio, dijeron que,

Por cuanto antes de ahora pagaban por los derechos de alcabala del pescado que se cojía en el puerto de la misma Villa, a la Excm. Sra. Condesa de Lemos, dueña y señora temporal de ella y su jurisdicción, trescientos y setenta reales vellón en cada un año, lo mismo que ejecutaron sus causantes a los de S. E., y que, con el motivo de haber quedado tan corto número de gente, ser los otorgantes pobres, sen caudal para su manutención, ni menos para la pesca, siendo su evidencia cierta la de haber habido en el motiva-do puerto catorce lanchas, sen otros barcos de comercio, y al presente no tener para su uso más de dos para andar a la mar, y éstas de particulares, cuos motivos representaron por diferentes memoriales a S. E., suplicándole se dignase hacerles la equidad en dha contribución, que la cristiandad de S.E., considerase el estado en que se hallaban al tiempo de la representación y hallan ahora los contadores de S. E. que residen en la Villa de Monforte, y al presente estantes en la de Puente deume, con facultades para hacer arren-



damiento de los enunpciados derechos de alcabala a los referidos otorgantes con minoración de lo que antes pagaban y arreglo a la pobreza en que se hallan.

Por lo cual» ... «dan y otorgan todo su poder cumplido»




... «a Julián de Landrove, vecino de esta espresada Villa, del mismo gremio de marina, su consorte» ... «para que ... en nombre de los otorgantes ... pueda parecer y parezca ante los referidos contadores de dha. Excma. Sra. condesa de Lemos, con quienes ajuste, trate y confiera la cantidad que, por razón de los mencionados derechos de alcabala, puedan y deban satisfacer cada un año de los en que se celebrare el arrendamiento» Ts., D. Antonio Venero, D. Gregorio Pita y Quintela, y José de Cedeira y Taibo, vecinos de Ced<sup>a</sup>».

## A PESCA EN CEDEIRA NA IDADE MEDIA: CAZADORES DE BALEAS.

A pesar das pequenas dimensións das embarcacións, naqueles tempos utilizábanse artes de pesca moi similares ás actuais: trasmallos, miños, volantas, rascos... aínda que os materiais e dimensións distaban moito das redes modernas. Na Idade Media tiñan grande apoxeo as artes que se tiraban dende as praias, como a antiga sacada e as rapetas, ou rapetóns, que se levantaban con bois. Os documentos sobre a pesca de entón son escasos, se ben sábese que a especie principal era a sardiña, ademais do ollomol, congro, polbo, badexo, pescada... e sobre todo, a caza de grandes cetáceos que pasaban preto da costa:

«Súbese una atalaya a la punta de una sierra que cae sobre el mar, y de allí ven saltar de lejos cantidad de agua para arriba haciendo mucha espuma, y aún la misma ballena viene la mitad del cuerpo fuera del agua; y así la atalaya da aviso a los marineros, los cuales, armando sus barcas y poniendo dentro mucha cantidad de cuerdas, y en los cabos atados unos dardos arponados, se van a ellas, y tirándolos, como se sienten heridas, van luego muy bravas para lo alto de la mar llevando metidos aquellos arpones, y los pescadores, dando siempre cuerda, las siguen hasta que ya muy desangradas y perdiendo aquella furia, las traen tirando de ellas,



donde, haciendo grandes fuegos, hecen de ellas mucho aceite». Así matábanse as baleas no norte de Galicia hacia 1675, según o Licenciado Molina.

Daquela, e dende había moitos anos, Cedeira era un pobo baleeiro, tanto é así, que José Cornide de Saavedra, en 1788, fai referencia a Cedeira como un dos portos importantes de Galicia na caza de baleas durante a Idade Media, si ben, cando escribiu o citado ensaio (finais do século XVIII), xa non se capturaba ningunha: «aunque era común en las costas de Galicia en otros tiempos, tal que enriquecía con sus barbas y grasa a aquellos pescadores, no la podía describir cuando solían aparecer surcando impunemente el litoral gallego, por no haber quién las persiga». Posteriormente engade que na «actualidade» (1788), xa non se ia á caza da balea en portos como Camariñas, Laxe, Corme, Cedeira e San Ciprián, «en cuyas casas subsisten aún

muchas vértebras que sirven de banquillos y varios huesos destinados a otros usos».

A orixe da caza da balea suponse que provén dos contactos náuticos que os pescadores galegos mantiñan dende tempos inmemoriais cos pobos bretóns e escoceses. Usábanse embarcacións pequenas a remos, pasando a veces varios días no mar ata avista-las baleas. Esta caza supuxo un grande apoio para a economía de subsistencia de entón, principalmente no inverno, que era cando as baleas estaban en sazón. Como escribiu o Ldo. Molina «de un ballenato, aunque sea pequeño, se sacan doscientas arrobas o cántaras de aceite, el cual sirve para todo lo que se aprovecha el de olivos, salvo para comer. Se saca este aceite haciendo pedazos de ellas y puestas a cocer en unas grandes calderas, se derriten, y queda casi todo en grasa».

A importancia da pesca da balea en Cedeira dende os albores da súa historia vén a



amosar que as teorías que sinalan a procedencia do nome actual de Cedeira de Cetaria ou Cetus, (cetáceos), teñen un sólido fundamento. De feito, no "Diccionario Histórico de los Artes de la Pesca Nacional" (1791-1795), escrito por Antonio Sañez Reguart -barcelonés da primeira metade do século XVIII, que dedicou gran parte da súa vida ó estudo da pesca- no apartado que fala das almadrabas, asegura que «...es constante que la palabra Cetaria expresaba aquellos depósitos que por no poder consumir de una vez toda la pesca, las tenían para conservar la viva». Prosegue: «De la voz Cete, que significa pez grande, se formó el neutro cetaria, para significar la pesquería de peces mayores, que viene a significar almadraba. Y los almadrabistas se deben llamar en latín cetarij. Este original latino aún se conserva en Galicia en la voz Cedeira. He estado en la Ría, Villa y Puerto de Cedeira, quatro leguas al norte de Ferrol, y no dudo que se llama así por la pesquería de pescados mayores, y acaso también de ballenas; pues la Cedeira del norte está en disposición y parage para salir al pasaje de las ballenas en su transmigración y pescarlas».

Máis adiante asegura que «... según Harduino, las cetarias eran al efecto unos grandes lagos inmediatos a la orilla del mar en los que quedaba contenida la agua que entraba con la creciente de la marea y el pescado que con ella venía. Los pescadores acosaban los grandes peces y atunes hacia la

ría donde les daban muerte». Bravos pescadores os nosos devanceiros.

## 2. OS SÉCULOS XVIII E XIX.

A principios do século XVIII, xunto ás artes de pesca tradicionais convivían as artes de tipo colectivo, que precisaban para o seu uso dun grupo de xente superior ó que era unha familia, o que derivou na necesidade de organiza-lo traballo, onde os gremios de mareantes e as confrarías xogaron un papel fundamental. A esta organización chámalle algúns autores *aparcería marítima*, repartindo o produto en *quiñóns*. Destaca naquela época unha arte chamada cerco real, que era unha xigantesca rede formada por hasta 300 panos, sen xareta, pero que cae ó fondo das rías, chegando a veces a ter unha lonxitude de dez quilómetros. Facían falta máis de cen homes e moitos botes para manexala. A pesar de estar demostrada a súa presenza abundante en Galicia, non puidemos comprobar en ningún documento que se chegara a usar na Cedeira de entón.

A partir de 1750 entran en Galicia os cataláns, que traen ideas industriais para explotar os recursos pesqueiros, destacando, por unha banda, a introducción das técnicas de salgado e prensado que deron lugar a innumerables fábricas de conserva, e por outra, a xábega e o bou, de dimensións desmesuradas, co que por primeira vez



entraron as artes de arrastre no mar galego, o que deu lugar a infinidade de conflitos ata hoxe en día. Daquela, o único defensor das posturas dos mariñeiros galegos foi José Cornide de Saavedra, pero xa entón o arrastre soubo gañarse a apoio das autoridades: Nunha proba feita ante estas na praia do Parrote da Coruña, co fin de analizar si este arte debía ser prohibida ou non, decidiuse autorizala. Máis adiante sóbose que as persoas responsables do veredicto estaban "fortemente influenciadas" polos cataláns.

Co paso do tempo as Confrarías víronse afectadas polas novas ideas imperantes da época e as correntes filosóficas que se estenderon por Europa, moi críticas coas organizacións gremiais, ata o punto de que Carlos V ordenou a disolución de distintas Confrarías, respectando, sen embargo, aquelas que realizasen unha importante labor social. Isto foi un grande erro xa que as vellas confrarías nunca foron institucións pechadas, senón que todo ó contrario, sempre se caracterizaron por un espírito aberto e un gran labor asistencial. As confrarías reaccionaron desobedecendo a orde, ata que o 24 de decembro de 1865, por Real Orde, quedan definitivamente disoltas, se ben en realidade o único que se suprimiu foi o seu carácter relixioso, mantendo a esencia da súa primitiva organización como institucións de previsión e organización laboral. As Confrarías seguiron existindo, pero con outros nomes como Sociedade de Mareantes ou de Socorros

Mutuos, non obstante algunhas máis rebeldes, contra vento e marea, seguiron chamándose Confrarías.

### 3. PRINCIPIOS DO SÉCULO XX.

A finais do século XIX e principios do XX comézase a utilizar cada vez con máis frecuencia barcos con máquinas de vapor, o que proporcionaba unha maior autonomía permitindo así desprazarse a caladoiros antes inaccesibles. Este avance para a pesca de baixura tivo a súa outra cara no desenvolvemento da flota de arrastre, que pronto incorporou motores diesel, de forma de que desde os anos 30 xa había unha potente flota de bakas de arrastre actuando indiscriminadamente nos fondos mariños, amparada polas autoridades e contestada polos mariñeiros galegos, sendo, como escribiu

**A r t u r o**  
Romani, "a máquina máis destructiva en materia pesqueira que inventou a mente humana".

**P o r**  
Real Orde do 5 de xaneiro de 1918, reorganizáanse as Confrarías, con axudas estatais, pasando a **c h a m a r s e** Pósitos de Pescadores, de ca-

*Andrés López  
López  
(O Faragullo).*





rácter laico e organización cooperativista. Para este fin creouse a :

“Caja de Crédito Marítimo y Pesquero”, que serviu de base para a fundación, en 1938, do Instituto Social da Mariña, recoñecendo o Goberno da Nación, na súa exposición de motivos, que os traballadores do mar merecen, por moitos títulos, a preocupación seria e eficaz tutela do poder público, recoñecendo a existencia de gremios, confrarías de mar, ou pósitos marítimos, tentando melloralas condicións de traballo do pescador e creando obras igualmente sociais de cooperación, mutualidade, aforro, crédito ou ensinanza profesional, amosando que estas entidades perduraban nas nosas costas desconcertados e sen nexos axeitados.

Segundo reza no Regulamento do Pósito de Pescadores de Cedeira, éste constituíuse como tal o día oito de agosto de 1923, sendo o seu Presidente D. José Soto López e Secretario D. Emilio Álvarez Prado. No seu artigo segundo, dise que “esta asociación será ajena a toda idea religiosa, política o de lucro”.

Nesa época, principios do século XX, atopamos varias referencias á Confraría de Pescadores de Cedeira no decenario “La Nueva Cedeira”:

20 maio de 1924: Informaba da Xunta Xeral do Pósito celebrada o 14 do mesmo mes, na que se acordaba: “...nombrar a Paulino Rodríguez, secretario del Pósito, en sustitución de Emilio Álvarez”, que dimitira. Tamén se acordou aluga-lo baixo da casa

de Juan Bouza, arriba da ponte, para local social e adquirir material para a Escola que ía mantelo Pósito”.

10 de xuño de 1924: Alédase do rexurdir do Pósito e do anuncio de que posiblemente se inicien no mes de outubro as clases na Escola do Pósito que se instalará na casa de Juan Bouza.

10 de agosto de 1924: Da conta do traballo feito por “los marineros del Pósito de Pescadores, por iniciativa del activísimo secretario, celador del puerto, Paulino Rodríguez...” con motivo da visita do Xeneral Primo de Rivera a Cedeira.

No decenario “La Antorcha” tamén se publicou:

15 de setembro de 1930: Da conta da celebración en Ferrol da “Asamblea de los Pósitos Marítimos”, e di: “también, como socio del Pósito y armador, asistió nuestro secretario Alcalde, D. José Soto López, Presidente del Pósito al fundarse hace años en Cedeira”.

Baixo a denominación de pósitos desenvólven unha importante actividade, ata que en 1943 prodúcese a súa integración na Organización Sindical, restablecéndose xa definitivamente a súa denominación orixinal de Confrarías de Pescadores.

A pesar da asunción de dependencias que tanto o ISM como o Sindicato Vertical da Pesca fan das Confrarías, controlando de maneira férrea as súas actividades, o certo é que a propia dinámica dos pescadores de baixura fan posible que as Confrarías sexan entidades dis-



tintas a calquera organización de carácter sindical, xa que as súas actividades céntranse máis no eido da representación e defensa dos seus intereses pesqueiros e da labor socio-asistencial que tan eficazmente realizan con todo o seu colectivo, incluíndo viúvas, orfós e xubilados. Esta importante labor necesitaba das achegas económicas dos afiliados para o seu financiamento, e dada a escaseza de medios da pesca de baixura de entón, sempre deu lugar a conflitos no seo das Confrarías.

### **ACORDO DO 10 DE FEBREIRO DE 1927, DE CESION DUN SOLAR Ó PÓSITO DE PESCADORES DE CEDEIRA.**

Nesa data o Concello de Cedeira acorda ceder, en sesión plenaria con carácter extraordinario, sen suxeición a canon nin dereitos de tarifa, os terreos no Ensanche para que se poida construír no mesmo un edificio escola, para dito Pósito. Rematábase unha azarosa xestión, que culminaba así dando resposta á instancia presentada o 30 de decembro de 1926 polo pósito cedeirés.

Sen embargo, o que se solicitaba na instancia era, alegando a misión altamente social e benéfica, a necesidade de contar cun edificio propio para atender "en los ordenes docente, benéfico y social, ..., merecer en donación un solar en la meritada zona del ensanche, solar que habrá de destinarse única y

exclusivamente a levantar un edificio para domicilio social y casa escuela de esta Pósito de Pescadores". Logo, non só se aspiraba a crear unha escola, senón a instalar no edificio o domicilio social do entón itinerante pósito, emprazado en baixos de aluger. Proseguía o Presidente do Pósito, José Arribí López: "Pero se da el caso de que, aunque muchos y muy buenos y muy grandes los deseos, son escasos los recursos con que esta naciente sociedad cuenta".

### **MEMORIA ANUAL DO PÓSITO DE CEDEIRA. ANO 1929.**

Sendo Patrón Maior Presidente Andrés López y López (O Faragullo), que xa exercía como tal desde 1927, e secretario Manuel Rodríguez Tojeiro, preséntase a "Memoria de actuación do Pósito de Cedeira", o 31 de decembro de 1929, da que deu fe, en calidade de Inspector, Vicente Arriví (o que xunto con Plácido Sánchez Mártel, mestre da sociedade, fixera o Regulamento do Pósito en 1923).

Daquela a casa do Pósito xa estaba construída e funcionando, de aí que moitos eran socios da entidade só para poder manda-los fillos á escola, sen colaborar no financiamento da mesma. Laméntase o Presidente de que se esqueza que os fins do Pósito son moitos máis que a docencia na escola, fins que non puido levar a cabo por falta de medios económicos. O mestre pagábaselle a razón de



500 pesetas anuais, que en realidade proviñan de "Caja Central", non dos fondos do Pósito, esta aclaración faise constar na Memoria para "evitar torcidas interpretaciones de los que no estén enterados", e é que, desafortunadamente, a crítica infundada sempre se mantivo ligada á evolución da entidade.

Co paso dos anos, na escola do pósito impartirían clases Severino Sánchez Rivela (cultura xeral), Francisco Pita (Náutica) e Higinio Bustabad (Mecánica). Ademais, tamén se desenvolvían actuacións asistenciais nos ámbitos dos Socorros Mutuos, afogamento, créditos e cooperación.

As cuotas era de 55 céntimos por asociado, si ben Andrés López propuxo que os "socios de tierra" pagaran unha cantidade maior, e os "de mar", un tanto por cento sobre a pesca capturada, "siempre que obreis de buena fe no ocultando la cantidad de pesca capturada, como se dieron frecuentes casos de ello, motivo por el cual se suprimió dicha tributación".

*A Praza do Peixe a principios de século, coa sardiña das tarrafas*



Laméntase o Presidente de que, a pesar dos enormes esforzos dos órganos de goberno do Pósito, a súa actuación non foi suficientemente valorada polos socios, e mesmo recibiron fortes críticas pola súa xestión, pasando de 168 no inicio do ano a 121 ó final. Merece unha especial atención a mordaz crítica que se fai na Memoria por mor da actitude dalgúns socios, dada a escasa participación económica destes –moitas veces nula– no financiamento dos servizos da entidade.

Como causas principais das baixas, dí que se deberon, sobre todo, "á propaganda en contra polos inimigos deste Pósito que pretenden destruílo para explotar inicuaamente á humilde clase mariñeira, como o viñan facendo antes da súa fundación; á indiferencia dos propios mariñeiros e á súa maior desconfianza en aqueles que aínda con sacrificio dos seus propios intereses pretenden redimilos; e á actitude dalgúns descontentos desta Sociedade que por non ter logrado deste Pósito

absurdas e imposibles pretensións para o seu medro persoal, esfórzanse en todo momento en desacreditar a esta Sociedade e ó que a gobernan, recorrendo para elo ata á mentira e ás maiores patrañas".

Aburrido polas



críticas e calumnias infundadas, desmotivado pola falta de colaboración, e po-la actitude crítica de minorías, An-drés López y López, o faragullo, abandoa entón o Pósito. A nova Xunta de Goberno estivo presidida por Manuel Suárez Caruncho, con José Picos Yáñez de vicepresidente, e Vicente Rey Giz, como secretario. Posteriormente, en 1932, o presidente do Pósito era Benigno Pérez e o Secretario Manuel Yáñez, reorganizándose en Seccións: de persoal pescador, de armadores pescadores, de persoal marítimo ou navegante, e de persoal marítimo-terrestre.

#### 4. DE 1930 A 1960.

O problema do financiamento das confrarías veuse moi aliviado gracias á implantación, na Galicia dos anos trinta, das lonxas de contratación de peixe e marisco, concesionando a súa explotación os Concellos, si ben progresivamente foron pasando ás Confrarías. Con anterioridade ás lonxas, os peixe vendíase directamente e de xeito disperso, polo que os prezos eran fixados na maioría das ocasións polo comprador. A lagosta, daquela un dos principais productos do noso mar, iba directamente para as cetarias.

En Cedeira, coa construción do peirao pesqueiro preto do Castelete, trasladouse cara alí a actividade de contratación desde almacéns privados emprazados no pobo. As tarrafas foron as primeiras en iniciar a venda na lonxa, a finais dos anos

corenta. Os pesqueiros que se dedicaban ós trasmallos, miños, rascos... que pescaban principalmente langosta, rape e badexo, seguiron vendendo as súas capturas de xeito directo no propio pobo. Ó igual que nos demais portos de Galicia, a entrada en funcionamento das lonxas provocou as retencencias iniciais dos pescadores ó ter que pagar un tanto por cento (en Cedeira era o 2%) sobre o valor bruto das vendas. Có paso do tempo viron que esa retención no só era beneficiosa para todos senón que saía gratis, porque ó concentrar a oferta os prezos de venda dos productos eran moi superiores debido á competencia entre os compradores.

Esta porcentaxe posibilitou a existencia duns ingresos estables na Confraría, o que permitiu a contratación de persoal propio para atende-las tarefas propias da lonxa e as administrativas. A precariedade de medios materiais daqueles tempos era tal que o propietario da tasca construída en madeira no mesmo porto, chamada O Salabardo, prestáballes unha báscula ós poxadores para poder realiza-los seus traballos. Neses primeiros días, o persoal limitábase a tres traballadores: Javier López (da Chona), Eulogio Criebeiro (Charlot), e Francisco Pita como secretario. Uns anos despois entraron José María Hermida (Canconio) e Ricardo Bello (Belliño). O cadro de persoal seguiu medrando conforme aumentaba a facturación e os servicios prestados.

Dos primeiros anos



dende o inicio da explotación da lonxa non se conserva documentación ningunha sobre a facturación nin as actividades da Confraría, salvo un pequeno libro de Actas, no que se cita, o 16 de decembro de 1960, un activo de 167.883'97 ptas, sendo Patrón Maior Luciano Martínez Abella e Secretario Francisco Pita Freire.

O 6 de decembro de 1962 toma posesión como Patrón Maior José Plácido Fernández Carro. Neste período destaca o interese do Cabido por recuperalos locais do Pósito no ensanche

para intentar relanzala actividade formativa, social e asistencial da Confraría, pois o uso do edificio pasara a mans privadas, non dispoñendo de máis documentación ó respecto de como se chegou a esta situación. O edificio recuperouse en 1963.

Daquela xorden os primeiros problemas da Confraría cos barcos de lagosta, que evadían a venda en lonxa, o que significaba, como reza o acta, "un trato de favor cara os armadores economicamente máis fortes". Ademais, repartíronse "puros, turrón, coñac e viño embotellado" para os mariñeiros xubilados e, a título anecdótico, mercouse a primeira máquina de sumar marca "restísuma".

Co fin de levar un certo control sobre a facturación por lonxa, o Cabido acorda, en 1963, facer unha relación detallada das embarcacións e cantidades cotizadas. Sen embargo, esta medida non é capaz de que na



Fotografías do temporal do 67





lonxa se garde o respecto debido entre compradores e vendedores, así como certa anarquía nos sistemas de venda (acta do 4 de outubro de 1963), o que remataba en frecuentes reclamacións que entorpecían o funcionamento da lonxa.

O 19 de maio de 1965, o Cabido baixo a Presidencia do Sr. Fernández Carro, acepta a baixa como Secretario presentada a petición propia por Francisco Pita Freire, debido ó seu delicado estado de saúde, nomeando para exercer-lo cargo a Antonio Pérez Acea.

Desde o día 1 de xullo de 1965 comézase a levar unha contabilidade normalizada por partida dobre, baseada nun Plan de Contas de elaboración propia adaptado para a Confraría, o cal serviu co paso dos anos de base para o actual sistema contable informatizado das confrarías de pescadores. Na lonxa implantouse un sistema de control numerado de albarás e revisións diarias da facturación, co fin de aportar claridade ás transaccións, dándolles ós barcos un duplicado das vendas realizadas para que puidesen levar o seu propio control. Este sistema foi tan ben aceptado polos asociados que hoxe en día se segue facendo así. Os primeiros datos que se conservan na actualidade sobre o detalle da facturación por lonxa corresponden a esa época.

Daquela a Confraría comezou a dar becas de estudos a tódolos fillos dos asociados, as cales, en palabras do profesor Severino Sánchez publicadas na revista Litoral Norte "...influiron

moito na proliferación de titulados universitarios de grao medio e superior, pois xa fai anos que Cedeira ven exportando mestres, profesores de institutos, F.P. e Universidade, médicos, capitáns, mecánicos navais, etc..."

En 1966 faise o proxecto de reforma conxunta do edificio do Pósito de Pescadores e do baixo anexo da Irmandade de Labradores, aumentando o alzado co fin de construí-la que sería a "Casa Sindical" de Cedeira, en virtude do acordo acadado entre os plenos das dúas entidades, o que permitiu por fin contar cun amplo domicilio social e con aulas suficientes para a Escola de Orientación Marítima. O custe ascendeu a 1.241.356,17 pesetas de entón. Co paso do tempo, a principio dos oitenta, a

*Antes e despois do dique de abrigo.*





Confraría de Pescadores de Cedeira colaborou activamente coa creación do Instituto de Bacharelato local ó ceder parte do edificio da Sindical para este fin.

A finais dos sesenta desenvólvese unha intensa actividade de xestión con frecuentes desprazamentos ós centros de decisión (Coruña e Madrid) para xestionar a creación de infraestructuras pesqueiras, froito destas negociacións xermoláron unha serie de melloras que serviron para cimentar o despregamento da flota cedeiresa, cando os pescadores estaban a abandonar definitivamente a pesca con tarrafa para decantarse polo uso da volanta e rascos, contribuíndo con isto activamente ó progresivo desenvolvemento económico do pobo de Cedeira.

Como resultado de gastar moitos zapatos indo de aquí para aló, destaca a consecución da máis importante obra realizada ata agora: o dique de abrigo, cunha historia descoñecida para moitos, xa que a intención das autoridades era limitarse a facer un

*Construcción do dique. Ano 1974.*



pequeno espigón no peirao vello, o que significaría o estrangulamento do futuro da flota, abocando a Cedeira a unha actividade pesqueira residual.

## **A CONSTRUCCIÓN DO DIQUE DE ABRIGO.**

«Viernes, 17 de febrero de 1.967, sobre las tres de la tarde, la fuerza del viento alcanzó en Cedeira extremos insospechados. El temporal que desde varias horas atrás castigaba la costa, hostigaba también la mar que, enfurecida, ponía en peligro inminente a los barcos de bajura que había en la bahía.

Efectivamente, y sen poder evitarlo, sucedió lo que aquellos hombres sufridos temían. El fuerte oleaje arrancó las amarras de numerosas embarcaciones, lanzándolas luego una y otra vez contra los muros y el malecón del puerto. Una tras otra fueron despedazándose, convirtiéndose en astillas, sen que nada pudieran hacer por evitarlo los marineros cedeireses que, oprimidos y acongojados ante lo que estaba aconteciendo, veían como la mar demolía sen compasión, en escasos minutos,



*Local social da Confraría a principios dos anos 70.*



vir de catapulta para a que despois se convertería nunha das máis importantes flotas de baixura do litoral cantábrico.

Compre subliñar o impagable apoio de Marciano Martínez Catena, Director General de Puertos, que en 1974 foi nomeado Patrón Maior Honorario desta Confraría, así como da familia de Javier García Pita, que dende Madrid presionaron continuamente para que este proxecto non quedara durmindo nos despachos, contando co apoio de Juan Antonio Ollero de

la Rosa e Gonzalo Fernández de la Mora, Ministro de Obras Públicas. A ámbolos dous entre-goulles o Concello de Cedeira, en distintas ocasións, os títulos de Fillos Adoptivos de Cedeira, outorgados a petición da Confraría.

## 5. DÉCADAS DOS 70 E 80: DESENVOLVEMENTO DA FLOTA.

A principios da década dos setenta retómase a vella



*Inauguración do Grupo de vivendas Horta Nova, e traslado da imaxe da Virxe do Mar da Confraría cara a Casa do Mar.*



aspiración de crear unha digna "Casa do Pescador", emprazada en zona portuaria, onde se centralizarían tódolos servizos para o sector. Así, establécense xestións para compra-la fábrica de Noroeste Industrial S.L., chegán-



lo que ellos habían conseguido después de varios años de trabajar incansablemente y de esfuerzos inauditos. ... El temporal del viernes ocasionó en Cedeira una verdadera catástrofe. Cuatro embarcaciones pesqueras, rotas las amarras, quedaron totalmente destruidas, y otras muchas sufrieron gravísimos daños. Todo ello, como consecuencia de la falta de un dique de abrigo, que toda la población pide a gritos como protección vital para los pescadores». Este parágrafo está sacado dunha reportaxe que publicou a toda páxina «La Voz de Galicia» o 22 de febreiro de 1967, cinco días despois de que un forte temporal esnaquizara catro barcos e danara a máis de quince. Aquel feito puxo en evidencia a necesidade dun dique de abrigo para a nosa flota, e por entón o “Grupo de Puertos” xa tiña feito un deseño de dique minúsculo que comezaba ó principio da Arealonga e describía unha dársena anana e inútil. Así as cousas, a Confraría de Pescadores rexeitou esta idea e comezou a mover tódolos fíos precisos para que o espigón fora construído dende a Punta do Castelo, xa que de levarse a cabo o outro proxecto, o crecemento de Cedeira quedaría inevitablemente estancado. O primeiro paso foi impugnar ante o Ministerio de Obras Públicas o plan da “Dirección General de Puertos”, coa resolución final a favor da Confraría.

Os seguintes pasos, moitos pasos, ían dirixidos a Madrid, unha e outra vez, para conseguir que se construíra o

dique na Punta do Castelo, creando una dársena ampla para toda a flota, e un espigón con vis-



tas ó futuro, para poder instalar alí os servicios portuarios. O feito de que dende finais do século XIX Cedeira estaba considerado «porto refugio» axudou moito nas negociacións. Sen embargo, poder acada-la aprobación de aquel novo proxecto para un porto pequeno seguía estando moi difícil. Sen desanimarse nunca, xa que se estaba xogando o futuro da pesca en Cedeira, continuaron as conversas a tódolos niveis, e, finalmente se conseguiu que o novo proxecto de dique de abrigo de Cedeira fora incluído no “Plan de Desarrollo” do MOP. Este foi un dos máis grandes logros que a pesca cedeirana acadou na súa historia, tanto polas súas repercusións sociais inmediatas como por ser-

*Vista da zona onde se emplazaría a Casa do Pescador, ocupada entón pola fábrica de Noroeste Industrial.*

*Grupo de vivendas “Nosa Señora do Mar”.*





dose a un acordo por 700.000 ptas en 1972. Un ano despois encárgase o proxecto ó arquitecto Ramón Rivera López. No ano 74 acórdase acometer a obra cos fondos dispoñibles, subvencións que puideran obterse, e préstamos do Crédito Social Pesqueiro. Este crédito chegou a ser aprobado, pero o día 1 de xuño de 1977 o Cabido acordou subirla retención de lonxa

do 2 ó 3%, polo que xa non se fixo uso do préstamo.

Tamén ó comezo dos 70 a Confraría promove o grupo de 50 vivendas e unha tenda "Nosa Señora do Mar" (Crónicas), destinadas ós confrades, inauguradas o 13 de agosto de 1973. A finais desa mesma década promove a construción dun segundo grupo de 50 vivendas e dous locais comerciais en "Horta Nova" (Lian).

A pesar de ser unha época de importantes capturas de peixe, o sector mostra a súa grave preocupación polos frecuentes destrozos que os buques de arrastre franceses e españois causaban nas súas redes. Xa se fala de esquilación dos bancos, de sobre-explotación pesqueira, e dos graves efectos que ía te-la extensión das augas xurisdiccionais ata as 200 millas, de forma que caladoiros como o Grand



Sole e Francia quedaban vetados para a nosa flota, debido a que só dous barcos de Cedeira tiñan máis de 100 TRB, requisito imprescindible para obter a preceptiva licenza.

O 27 de xullo de 1980 toma posesión como Patrón Maior da Confraría de Pescadores de Cedeira Francisco Martínez Vidal, Paco. Por entón, a actividade da Confraría centrábase en varios proxectos: na execución da segunda fase da construción do peirao, nas vivendas sociais de Horta Nova, no edificio social da Casa do Pescador, na actividade formativa profesional e cultural, na promoción das actividades deportivas, nas tarefas administrativas das oficinas e lonxa, e, por primeira vez, xa se fala expresamente da necesidade de coidar unha boa imaxe pública da Confraría, que daquela xa se tiña acadado en virtude dun traballo desenvolvido con serie-

*Autoridades presentes na inauguración da Casa do Pescador, de esquerda a dereita: Pepe Carro, ex-Patrón Maior, o presidente da Caixa de Aforros de Ferrol, Leopoldo Rubido, Alcalde de Cedeira, o Director de Ordenación Pesqueira, Comandante Militar de Marina, Conselleiro de Pesca, Director Xeral de Pesca, Paco Martínez, Patrón Maior e Luciano Martínez, ex-Patrón Maior.*



dade e rigor. “no só neste recanto da Península, senón alén dos límites da nosa terra galega”, como dixo o Patrón Maior saínte, Pepe Carro, no discurso do acto de toma de posesión. Pola súa parte, Paco Martínez, Patrón Maior entrante, fixo fincapé “na necesidade de camiñar xuntos para conseguir uns obxectivos comúns e inequívocos: paz, benestar social e ¿por qué non? económico”.

Tan só un ano despois se desatou a chamada guerra da volanta, aínda que xa se viñan producindo enfrontamentos desde un tempo atrás, sobre todos coa flota asturiana, che-



*O día da inauguración da Casa do Pescador: Severino Sánchez, antigo mestre da Escola de Orientación Marítima, Justo Grandal Zuazua, Presidente da Cámara Agraria, Antonio Pérez Acea, Secretario da Confraría e Pepe Fernández Carro, nomeado ese día Patrón Maior Honorario. 1981*

gando incluso a patrulleira Bonifaz a metralla-las proas dos barcos asturianos que querían afundir ós cedeireses. Neste conflito, os volanteiros non foron máis que unhas vítimas da calumnia infundada por descoñecemento e ignorancia dos pincheiros, que acusaban á volanta de esquilmadora, si ben a causa real do conflito non era outra que a competencia polo aproveitamento en exclusiva dos caladoiros. Proba disto é que o paso do tempo deu a razón a Cedeira,

e na actualidade incluso os barcos pincheiros dos portos máis belixerantes contra a volanta, como Cariño e Cudillero, pescan agora con ela.

Esa guerra fixo que a Dirección Xeral de Ordenación Pesqueira impuxera a finais de 1981 unha absurda partición de zonas distintas nos caladoiros para o pincho e a volanta, que soamente serviu para agudizalos enfrontamentos ó ser incumpridas as normas de xeito reiterado. Hoxe en día, a volanta está considerada polos científicos como a arte de pesca de merluza máis selectivo e respectuoso co mar.

Agora, mirando atrás, é difícil crer que a volanta estivo a piques de ser prohibida pola presión da ignorancia, e si non se erradicou o seu uso foi gracias á postura firme da Confraría de Cedeira nas reunións de Madrid, que rematou por recibilo apoio dos informes do Instituto Español de Oceanografía. E é que non hai peor ignorante que aquel que descoñece a súa propia ignorancia. O positivo desta liorta foi que desde entón comezouse a valorar a opinión dos biólogos pesqueiros, que manifestaron abertamente que o verdadeiro causante da destrución dos bancos era o arrastre de fondo, e non o pincho nin a volanta, segundo un artigo publicado na Voz de Galicia en 1978.

Mentres a pesca da merluza foi a principal actividade nos anos setenta –con preto de 1.000 toneladas por ano, cando agora a duras penas pasa de 100-, nos oitenta a especie máis importan-



*A Muller do Pescador, compañeira no traballo e na vida.*

te foi o rape. En 1981 Cedeira tiña 28 volanteiros, que embarcaban 231 homes, cun desprazamento de 1.050 TRB e 5.476 HP. Vinte anos despois, no 2001, quedan 17 barcos de volanteira, con 102 tripulantes, 570 TRB e 3.350 HP., o que supón unha caída de máis do 55% en emprego directo neste segmento da flota.

Despois de innumerables avatares, o domingo 28 de xuño de 1981, inaugúrase a Casa do Pescador, edificio a pé de mar nacido coa filosofía de centralizar toda clase de servicios para os confrades e os seus familiares. A inauguración foi por todo o alto, e concentrou a máis dun millar de persoas, contando coa presenza, entre outros, de personalidades relevantes como o Director Xeral de Ordenación Pesqueira, Gonzalo Vázquez Martínez, o Conselleiro de Pesca, Baldomero Fernández Calviño, o Alcalde de Cedeira, Leopoldo Rubido Ramonde, o Patrón Maior, Francisco Martínez Vidal, Patróns Maiores anteriores, e outros representantes de organismos galegos e nacionais.

Na apertada axenda dese histórico día, fíxose entrega das cincuenta vivendas de "Horta Nova", e traslado da imaxe da Virxe do Mar a hombros de membros do Cabido, dende as antigas oficinas na Casa da Sindical cara á flamante "Casa do Pescador", escoltada polos remeiros do Club de Remo de Cedeira, para rematalos actos bendicindo os novos locais da Confraría e facendo entrega a José Plácido Fernández Carro da placa que o distinguía



como Patrón Maior Honorario, nunha emotiva xornada na que se envorcou toda a familia pescadora cedeiresa.

Nesa época, o rápido aumento do volume de peixe comercializado por lonxa, unido a que a totalidade das operacións eran manuais có único apoio de primitivas máquinas de sumar, provocou con frecuencia o desbordamento do traballo de facturación, de forma que mentres os barcos cobraban puntualmente as súas vendas, a Confraría non era capaz de emitir todas as facturas ós compradores no mesmo día, o que daba lugar a un desfase entre os pagos ós barcos e os cobros ós compradores, polo que os números vermellos nas contas de Confraría era frecuentes.

A principios do ano 81, nunha das viaxes á Coruña, o secretario da Confraría veu traballar nun escaparate da calle Rubine un novo invento que



facía as facturas rapidamente e sen erros. Era un ordenador Philips de 512 Kbs. Considerando a gran cantidade de facturas que emitía a Confraría xa por entón, viuse nese artefacto a solución ideal ós retrasos nos cobros. E así foi, logo de desenvolver un software específico, Cedeira convirtiuse na primeira Confraría en ter ordenador e mecaniza-la contabilidade. Aquilo era tal novidade que mesmo os rapaces do Instituto de BUP facían visitas por quendas, abraiados ó ver traballar aquela máquina.

Lonxe de ter unha aceptación total, nun sector tradicionalmente reacio a todo o innovador, coa chegada do ordenador xurdiu un longo conflito cos compradores. A razón era que as

facturas semanais estaban listas para ser cobradas ós compradores dun día para outro, acabando así co desfase entre os pagos e os cobros. Isto deu lugar á existencia de morosidade ó haber compradores afeitos a atrasalos pagos. A consecuencia disto, o Cabido, en cumprimento do máis importante dos seus fins -velar polos intereses dos asociados- decidiu implanta-la norma de que para comprar na lonxa era preciso presentar un aval bancario. Moitos compradores sentíronse ofendidos por esta medida, entendida como desconfianza cara a eles, cando a realidade é que un regulamento non se pode aplicar a uns sí e a outros non, sendo esta a única saída para acabar coa morosidade e garantir-lo pago semanal ós mariñeiros.

O conflito foi moi longo e difícil para todos, mediando incluso ameazas persoais cara ós responsables da Confraría. Pero o Cabido tiña moi claro que ou se mantiña firme, porque unha volta atrás na súa postura suporía a perda do control das operacións debido a que se non podía garanti-los cobros, non sería posible face-los pagos. Era a todas luces inadmisibile e innegociable.

A Confraría comezou a estudar sistemas de venda alternativos, construíronse cámaras de frío e trazáronse plans, se ben afortunadamente, meses despois, moitos compradores comezaron a comprender que a solicitude de avais non só era algo perfectamente lóxico senón que garantía a viabilidade da lonxa, e con elo, o futuro dos propios





compradores locais. Entenderon pois que as explicacións que recibiron por parte daqueles que iniciaron o conflito eran infundadas, e quedou claro desde entón que barcos e compradores deben velar xuntos pola boa marcha do porto ó depender estreitamente uns doutros. O establecemento de avais foi un gran logro aínda hoxe pouco valorado.

Daquela tamén houbo outro longo problema cos compradores derivado do fraccionamento das pesadas, no sentido de facelas máis precisas en lugar de redondear para abaixo en rangos grandes, o que perxudicaba sempre ós mariñeiros.

O labor social e asistencial viuse ampliado en 1982 coa creación do Fondo de Previsión Social, a partir dun fondo económico que creou a Agrupación de Armadores da Confraría de Pescadores de Cedeira, có obxecto, como así reza nas actas da referida agrupación de datas 28 de febreiro de 1982 e 25 de abril

de 1982, de cubrir contingencias de morte, invalidez, etc, de tódolos confrades asociados (armadores e mariñeiros), e queda a administración, xestión e controis das inversións a cargo do Cabido. Dito fondo naceu dos beneficios obtidos na apertura dunha conta bancaria conxunta dos armadores para a compra de material para as embarcacións. Os beneficios obtidos da referida compra directa sen intermediarios eran cedidos polos armadores para a constitución do Fondo de Previsión Social, cesión que foi efectuada de forma maioritaria polos armadores, e existe unha relación nominal dos constituíntes deste Fondo. Na actualidade o fondo dispón de 7.885.010 pesetas.

Outro importante labor de apoio foi o establecemento por parte da Confraría da liña de garantías por aval, en 1982, o que serviu de trampolín financeiro para ampliar e moderniza-la flota. As xestións comezaran no

*Toma de posesión de Xunta Xeral da Confraría en 1990, sendo Patrón Maior Paco Martínez Vidal.*





ano 1981, cando se realizaron xestións co desaparecido Crédito Social Pesquero, para establecer



unha liña de crédito a favor dos seus asociados, avalados pola propia Confraría. As devanditas negociacións fructificaron cun acordo do Comité Executivo do mencionado Crédito Pesquero,

*Vista das actuais  
instalacións  
portuarias.*

con data 13 de decembro de 1.982, polo que se aceptaba avais da Confraría ós seus asociados hasta un límite global de trinta millóns de pesetas, e que permitiu facer realidade a concesión de numerosos créditos ós asociados para o desenvolvemento da actividade pesqueira.

Desde entón a Confraría, dentro das súas posibilidades, gracias a un convenio con CaixaGalicia, avalou numerosos créditos solicitados polos asociados co obxecto de fomentalo incremento e desenvolvemento das actividades que dimanan do exercicio da pesca en canto supoña aumenta-lo seu rendemento, obxectivo este determinado nos Estatutos da propia Confraría. O éxito deste servizo confirmase nas 1.098.586.000 pesetas avaladas ata hoxe en día.

En 1983 a Confraría impulsou unha votación entre os 389 asociados en activo co fin de responder a esta pregunta.





“¿Esta Vd. de acordo en que os domingos non traballe a flota en xeral, incluída a de arrastre, e que as artes sexan retiradas dos seus caladoiros os sábados e non volvan a calarse ata o luns?”. O escrutinio foi: 207 votantes; votos a favor 157; votos en contra 46; votos en branco 3; votos nulos 1. O 76% dos votantes apoiaron voluntariamente esta medida, que ademais de servir para deixar descansar o mar, permitiu unha vida familiar máis organizada, un mellor benestar social para os traballadores.

gador, compañeira no traballo e na vida, erixindo no pericoto de fronte a Casa do Pescador, o 11 de agosto de 1985, unha estatua representando unha peixeira, obra de Guillermo Feal. Como dixo Carlos García Bayon, ¿cómo



non vai ter un monumento, si toda ela é un monumento cotián de loita, de amor, de fe, de entrega, e de dor?. Matilde Suárez Caruncho, peixeira máis veterana de Cedeira, foi a encargada de inaugurar-la estatua.

*Exposición de acuarios MAR VIVO e Festa do Percebe, cada ano batindo records.*

Na segunda metade dos anos oitenta xorde a necesidade de racionalizar a explotación do percebe, importante recurso da flota local que foi pouco menos de esquilado nos anos setenta,

Sería unha pena que na actualidade se incumprise esta decisión, adoptada primeiro por referendun popular, e na actualidade, pola normativa en vigor.

Non podíamos deixar de mencionar, dentro da frenética actividade social destes anos, a homenaxe que os pescadores cedeireses fixeron á figura das súas mulleres, da muller do pes-





de xeito que nos primeiros oitenta a produción estivo baixo mínimos históricos, pois non chegaba a 10 toneladas anuais cando antes se capturaban 100. Daquela aínda había as vedas



*Membros entrantes e saintes da Xunta Xeral da Confraría en 2000, sendo Patrón Maior Manuel Iglesias Casas, o día de toma de pose-*

estivais e o grao de desorganización era absoluto. A partir de 1992 comézase a explotar o percebe a través de plans de explotación por zonas, a xestión dos bancos percebeiros mellorou moito, coas características básicas de que, por unha banda, permite adecua-la explotación á realidade biolóxica e socioeconómica de cada zona, e por outra banda, suprime absurda veda estival por no ter soporte técnico algún, o que permite regula-la oferta e garantir un abastecemento continuo ó mercado.

En 1989 o Cabido acordou celebrar con carácter anual un acto relixioso e lúdico o domingo anterior -logo pasou ó sábado- á celebración da festividade de San Antonio de Corveiro, o 13 de xuño, colaborando na restauración da Capela e doando

unha maqueta dun pesqueiro tipo cedeirés, todo isto por mor da arraigada veneración que a familia pescadora cedeiresa profesa a este Santo. Logo da misa celebrada polo descanso dos mariñeiros falecidos, faise unha sardiñada popular nun entorno paisaxístico inigualable. Dez anos despois, en 1999, a Confraría impulsou a creación da fonte de San Antonio que co tempo servira para aumentalo patrimonio cultural do pobo, esculpida en granito por Guillermo Feal, dotada de bancos para o descanso dos visitantes, e con tres canos en bronce imitando as cabezas de merluzas, dedicados a San Antonio, San Ramón e Santa María de Cerviñón. O presuposto desta inversión ascendeu a tres millóns de pesetas, financiados pola Consellería de Obras Públicas (500.000 ptas.), e o resto pola Semana do Mar, a Confraría de Pescadores, e as aportacións voluntarias dalgúns cedeiresos.

## 6. DOS 90 ÓS TEMPOS ACTUAIS.

A década dos noventa no podía comezar mellor, o día de Reis, 6 de xaneiro de 1990, inaugurábase oficialmente o novo complexo portuario: lonxa, fábrica de xeo, cámaras de conservación, túneles de conxelación e naves anexas para exportadores. Con estes servicios, valorados en máis de 200 millóns de pesetas, mellorouse a asistencia os buques pesqueiros así como as



condicións de venda e o tratamento posterior da pesca.

Quedaba un asunto pendente, a construción de 56 naves para os armadores para depósito e preparación da pesca, o que se conseguiu un ano despois, investíndose 104.290.530 ptas, con subvencións da Consellería de Pesca. A clave do éxito das xestións realizadas ante Portos de Galicia foi que a Confraría correu coa totalidade da inversión -naves e urbanización da zona- polo que posteriormente se fixo cargo do alugueiro dos almacéns, o que permitiu xerar unha nova fonte ingresos coa que complementar os procedentes da lonxa, aínda sendo a prezos módicos, xa que hoxe en día, de depender exclusivamente da porcentaxe de lonxa non sería posible mante-la calidade nin diversidade dos servicios que se prestan.

Con todo, a década dos noventa vai caracterizarse porque a crise pesqueira se fai patente en toda Galicia, de forma que a flota comeza a reducirse amparada nas axudas da Unión Europea para o despezoamento, máis que no número de barcos ou tripulantes, sobre todo no tamaño medio dos barcos, de forma que a tonelaxe reduciuse á metade desde entón, con pesqueiros máis pequenos dedicándose ás artes menores e concentrándose demasiado nos recursos costeiros, en lugar de repar tirse por toda a plataforma ou acceder a caladoiros foráneos de outrora.

Afortunadamente, as melloras nos prezos medios de

venda permitiron que a facturación seguira unha tendencia ascendente ata o ano 1997, cando se superaron os 1200 millóns de pesetas. Actualmente estase a iniciar unha fase descendente motivada pola escaseza de recursos e polos duros temporais que a penas deixaron faenar á flota.

O 18 de decembro de 1994 deixábanos, despois dunha longa enfermidade, o que nos derradeiros catorce anos fora Patrón Maior desta Confraría, Francisco Martínez Vidal, Paco. Atrás quedaba toda unha vida dedicada ó mar e para o mar, tanto a bordo como en terra. Paco comezou a ir ó mar ós catorce anos, circunstancia que fixo del un profundo coñecedor do mar, servíndolle esta experiencia para ser considerado, tanto en Galicia como a nivel nacional, un auténtico experto en temas pesqueiros. Como Patrón Maior participou nos principais foros a nivel autonómico e estatal nos que se debatían os problemas da pesca do momento. Paco foi nomeado, en reunión extraordinaria do Cabido, o 18 de decembro de

*Merluza de Cedeira, Peixe fresco do Día.*





1994, Patrón Maior Honorario desta Confraría a título póstumo.

Como novo Patrón Maior en funcións, de acordo cos estatutos, o Cabido nomeou a

D. Francisco Martínez Vidal, o Cabido nomeouno Patrón Maior Honorario, en recoñecemento ós servizos gratuítos prestados ó longo do seu mandato.

No ano 1999 o sector percebeiro sufriu un durísimo golpe a raíz da arbitraria e inxustificable partición dos cantís percebeiros do Ortegal, se ben, ó ter un remanente de percebe nas costas do ámbito territorial propio, os efectos non se notaron ata a actualidade, onde a escaseza de percebe é patente, e o futuro do sector, moi preocupante. Consciente desta situación, a Confraría de Pescadores de Cedeira, na defensa dos xustos intereses económicos e sociais dos afiliados presentou recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza, contra a orde de aprobación do Plan de Explotación Marisqueira (percebe) da Consellería de Pesca, aínda pendente de veredicto.

A facturación en niveis anuais superiores ós mil millóns de pesetas, xunto cunha xestión activa que permitiu a captación de importantes subvencións públicas, fixo posible que nos últimos anos, ademais das infraestructuras creadas, se desenvolvera unha intensa actividade de prestación de servizos á flota, administrativos, sociais, e formativos, que se manteñen ata hoxe en día.

No eido administrativo desenvólvense traballos de asesoramento e xestión fiscal, laboral, seguridade social e tramitacións de expedientes de prestacións por xubilación, invalidez e



*Primeiro encontro da Pesca de Baixura do Cantón do Noroeste de Galicia. Cedeira, Marzo, 2000.*

Manuel Iglesias Casas, Vicepatrón Maior 1º, que exerceu o cargo en funcións ata que, nas eleccións de 1996, foi elixido Patrón Maior, renovándoo nas eleccións de 2000.

O 27 de xullo de 1996, falecía José Plácido Fernández Carro, Don Pepe, á idade de setenta e cinco anos. Don Pepe fora Patrón Maior da Confraría de Pescadores de Cedeira durante dezaioito anos, mestre da Escola de Orientación Marítima do Instituto Social da Mariña, Alcalde da Cedeira e profesor de E.X.B. Licenciado en Dereito, púxose ó fronte da Confraría de Pescadores o seis de decembro de 1.962, ata que, sucesivamente reelixido, terminou o seu mandato o vinteseite de xullo de 1.980, curiosamente a mesma data do seu pasamento, dezaseis anos despois. O 1 de agosto de 1.980, xa sendo Patrón Maior



desemprego, cobertura e trámite das solicitudes para toda clase de axudas e subvencións, xestión de toda clase de permisos, licencias e plans de pesca, asesoramento legal da normativa pesqueira e sanitaria.

No apartado social e asistencial véñense concedendo axudas ás asociacións locais de tipo cultural, deportivo, festexos, actos sociais, distribúense cestas de nadal e lotería a tódolos asociados activos e xubilados, estableceuse un convenio sanitario de gran aceptación no sector cunha clínica local, servicios xurídicos, e préstamos ós asociados derivados da delicada situación dos pescadores carentes de ingresos por mor dos temporais, a razón de 100.000 pesetas a todos e cada un dos asociados que os solicitaron.

No que atinxe á promoción dos nosos produtos do mar, desde 1996 véñense celebrando a Festa do Percebe – Semana do Mar, xunto con actividades paralelas como as exposicións de acuarios mariños e de maquetas de barcos, con indubidable éxito de público, mesmo alén da propia Galicia. Tamén se desenvolveu un sistema pioneiro de etiquetaxe individual dos produtos do mar, que pronto abandonará a fase experimental para operar xa a pleno rendemento.

Non se descoidou tampouco a actividade formativa, cun abano cada vez máis amplo tanto de cursos profesionais (patróns de pesca local e costeiro polivalente, mecánicos, radio, mergullo, mariñeiro, percebeiro,

mariñeiro cocifeiro, redeiras, supervivencia no mar, loita contra incendios ...) como de formación paralela (galego, manipulación do peixe...). En 1994 púxose en marcha o boletín informativo inforMAR, e ademais é a primeira Confraría en ter presenza corporativa en internet, cunha páxina web propia, que recibiu máis de 5000 visitas (Dirección: <http://www.telefonica.net/c/cofradiacedeira>).

A crise pesqueira motivou tamén que a Confraría de Cedeira se convertera pouco menos que na abandonada por unha pesca responsable -o inimigo público número 1 do arrastre que ata entón campaba ás súas anchas. O «1º Encontro de pesca de baixura do cantábrico e noroeste», organizado e financiado pola Confraría de Cedeira serviu para dar a coñecer á opinión pública -fóra incluso de España- a realidade do mar. O texto da Carta de Cedeira foi traducido a tres idiomas pola revista belga Samudra. Ó ano seguinte, os pescadores cedeireses non dubidaron, por coherencia, poñerse en folga pola erradicación do





arrastre de bolos. Ninguén máis en Galicia secundou a folga, co que os medios de comunicación deron en chamar ós cedeireses "a aldea de Asterix", pola resistencia mantida en solitario fronte ó poder do lobby do arrastre.

A seriedade e independencia de criterio da Confraría de Pescadores de Cedeira ó longo dos anos, amén de crearlle non poucos inimigos dos que non interesa ter por amigos, forxou e consolidou unha imaxe pública de respecto, sobre todo nas relacións con outras confrarías, asociacións, e administración pública.

Baixo a filosofía de traballar pola recuperación dos recursos do mar, desde mediados dos noventa fixéronse multitude de xestións, tecnicamente documentadas, de cara a pedir a protección das nosas costas fronte a pesca con arrastre de fondo, o que finalmente foi aprobado o pasado 25 de abril do ano 2001, no Consello de Ministros da Unión Europea, e pasa a ser esta a primeira vez que se logra afastar ó arrastre 12 millas fora das nosas costas un tercio de cada ano, do 1 de outubro ó 31 de xaneiro. Agora o traballo continua no senso de intentar aumentar-la duración da veda, acadala prohibición de arrastrar en fondos rochosos, os arrastreiros portugueses, etc... pero o primeiro gran paso, nunca antes acadado, xa se deu.

O trinta de setembro de 2001, xubilase Antonio Pérez Acea -O Loira-, despois de trinta e seis anos desenvolvendo o cargo de Secretario da Confraría

de Cedeira. O Loira cursou estudos de Perito Mercantil, comezando a súa traxectoria profesional ós dezaioito anos, como administrativo na Irmandade de Labregos e Gandeiros de Cedeira, da que sería Secretario desde 1956 ata 1980, cesando por excedencia. Entre 1957 e 1979 foi corresponsal da Obra de Previsión Social (organismo de funcións similares á Seguridade Social), e Secretario da Comisión Local da Mutualidade Agraria. Foi Delegado Local do Instituto Social da Mariña en Cedeira desde 1965 ata 1987, desenvolvendo unha importante tarefa formativa, social e de prestacións en xeral, deixando de exercer este cargo en cumprimento da normativa de incompatibilidades. Entre 1967 e 1973 foi Concelleiro no Concello de Cedeira, en calidade de Teniente-Alcalde e Presidente das Comisións de Facenda, Urbanismo e Educación e Deportes.

O dezanove de maio de 1965, con trinta e un anos, foi nomeado Secretario da Confraría de Pescadores de Cedeira, na categoría de primeira. Será na Confraría donde desenvolva a súa carreira profesional, integrándose como persoal funcionario da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura en 1982, ata o intre da súa xubilación.

Con independencia de desenvolve-lo seu traballo como Secretario das diversas Entidades Locais, contando co total apoio dos respectivos Órganos de Goberno, despregou unha longa laboura funcionando a



modo de xerente que lle permitía chegar ós mandos e organismos superiores da Administración Pública, tanto autonómicos como nacionais, realizando multitude de xestións que favoreceron a consecución de moitos dos logros que se citaron en apartados anteriores.

## 7. O FUTURO.

Ademais dos traballos que se están a facer no eido da recuperación do mar, na actualidade a Confraría está inmersa nunha serie de proxectos imprescindibles para aseguralo futuro da pesca en Cedeira, adaptando a organización funcional ós tempos actuais e aproveitando as grandes posibilidades que nos ofrece as novas tecnoloxías, baseándose no uso de criterios empresariais sen por elo ter que perde-la estrutura como Confraría tradicional, onde contan armadores e mariñeiros.

No que atinxe a infraestructuras, están rematados unha nova serie de trinta e dous almacéns para barcos, en redacción un novo proxecto para duplica-la capacidade de lonxa de contratación, anexando a nave de exportadores contigua, dotándoa dos últimos avances técnicos na poxa informatizada e no tratamento do peixe. Os exportadores contarán cunha nova nave emprazada detrás da fábrica de xeo. Xa está instalada unha grúa pórtico de 100 toneladas de capacidade que fai as tarefas dun carro varadoiro cunha versatilidade moi superior, ó poder dar

servicio a moitos máis barcos, estando pendente o remate de obra civil para que entre en funcionamento. O plan de usos portuarios contempla asemade unha ampla gama de actuacións orientadas non só cara a a ordeñación e mellora das infraestructuras de pesca profesional, senón tamén no eido deportivo, comercial, turístico, cultural e, como non, de protección medioambiental.

Está tamén xestionándose a instalación dun poste de distribución de combustible para a flota concesionado á Confraría, así como a creación dunha sala de usos múltiples na ala esquerda dos baixos da Casa do Pescador, destinado a fins culturais, congresos, exposicións, e como lugar de reunións dos confrades cando o aforo da sala de xuntas non sexa suficiente. Preténdese asimesmo iniciar en breve a construción do Fogar do Xubilado nos locais onde se emprazaba o antigo restaurante, no primeiro andar.

No que respecta ás demais tarefas da Confraría - lonxa, administración, e prestacións sociais- atopámonos nunha encrucillada, toda vez están creados unha importante gama de servicios que, de seguir baixando a facturación por lonxa, será moi difícil manter operativos.

É evidente que para que aumente a facturación ten que haber máis peixe no mar. De aí que nestes anos o traballo para recuperación dos caladoiros ten que ser un compromiso común de tódalas artes e flotas que fae-



nan nos mesmos. Pero mentres non se comece a notar a recuperación da pesca, hai outra forma de aumenta-las vendas por lonxa, e deste xeito, garanti-la permanencia e diversificación dos servicios descritos: simplemente con que os asociados vendan tódalas súas capturas na lonxa local sería suficiente.

Afortunadamente, as confrarías son corporacións de dereito público sen ánimo de lucro, diferenciándose ademais das organizacións de produtores e asociacións de armadores en que nelas están presentes en igualdade de dereitos –e obrigas– armadores e mariñeiros, podendo desenvolver tódalas funcións relativas á organización da produción, así como actividades sociais e asistenciais, inexistentes nos outros modelos organizativos.

Por este motivo, o patrimonio actual da Confraría non é froito soamente das boas xestións, da captación de subvencións, do esforzo dos pescadores en activo, ou do traballo do persoal, senón que débeseles moito ós socios agora xubilados ou falecidos, especialmente ós que nalgún momento formaron ou forman parte dos órganos de goberno desta entidade, Xunta Xeral e Cabido, que co seu traballo e dedicación permitiron que a Confraría de Cedeira sexa o que é hoxe en día, onde cun patrimonio de 167.884 pesetas en 1960 pasouse a unha valoración actual superior ós setecentos millóns.

Os agora traballadores en activo teñen os dereitos de

uso e aproveitamento dos servicios, pero tamén a obriga de colaborar para facer unha boa xestión, sempre en beneficio da maioría desoíndo os intereses particulares que puideran darse, tanto por respecto ós que os precederon, como para que as xeracións vindeiras reciban esta entidade nas mellores condicións posibles, e así poder seguir prestando un servizo serio e eficaz por moitos anos máis: A Confraría de Pescadores de Cedeira chegará ata onde os seus confrades queiran.

*No porto de Cedeira,  
Decembro 2001.  
Antonio Pérez Cribeiro.*